



ROTEIRO AO COUREL

SOUTOS, CASTROS E PONTES

Ferreirós - Pozo das Mulas- Folgoso -Castro de Fouciños -Castro da Torre- Ferreirós



Roteiro circular con saída e chegada en Ferreirós de Abaixo. Daranos a oportunidade de gozar das fermosas paisaxes outonais do Courel, salpicadas de singulares elementos etnográficos como alvarizas e pontes. O percorrido discorre, na súa case totalidade, polas marxes do río Lor. Os principais puntos de interese son: o Pozo das Mulas, os castros de Fouciños e da Torre, e a aldea de Sobredo. **O Pozo das Mulas** é un recuncho do río Lor que alberga un conxunto de rochas calcarias, algunhas de grandes dimensións, que teñen a súa orixe nun desprendemento da ladeira dende as abas do monte

no que se asenta o Castro da Torre. Trátase dun lugar especial para deixarse arrolar polo barullo do río. **O Castro de Fouciños** aséntase nun dos lugares máis abruptos da serra do Courel e aínda conserva vestixios de construcións feitas sobre un sistema de terrazas debido ao forte desnivel do terreo. **O Castro da Torre** é un exemplo de castro tardío, habitado nos séculos III e IV d.C., e nel pódese ver restos de construcións de diferentes trazados. Esta atalaia permite gozar dunhas impresionantes vistas dos canóns dos ríos Lor e Ferreirós, así como dos picos de Papoulas, Formigueiros, Piapaxaro, etc. **Sobredo** é un bo exemplo de aldea courelá rodeada de soutos de castiñeiros, especialmente fermosos nesta estación do ano.

Lonxitude: 16 km.

Dificultade: alta, debido á elevada pendente dalgúns tramos.

DOMINGO, 29 DE OUTUBRO DE 2017

Xeral.....	18 €
Socios/as.....	12 €
Estudantes e no paro.....	15 €
Ata 14 anos.....	5 €

Saída: Facultade de Formación do Profesorado (Av. Ramón Ferreiro) ás **9.00 horas**.

Reserva: chama previamente ao **679113718** ou ao **982240299**.

Levar: Roupa e calzado axeitados e **comida** para o camiño.

PRÓXIMOS ROTEIROS

12 Novembro – Outono en Quintá de Cancelada (Becerreá)

03 Decembro – A Marrona (Baleira)

14 Xaneiro – Traza Primitiva por Pobra de Burón

18 Febreiro – Os Cortíns (Navia de Suarna)

11 Marzo – A minaría romana (Quiroga)

15 Abril – Fragas do Alto Eume– Xistral (Muras)

13 Maio – Ribeiras do Sor (Mañón)

10 Xuño – Costa da Vela (Cangas do Morrazo)



+info: <http://adega.gal> ou <http://roteirosadegalugo.blogaliza.org>

